

**VERPA BOHEMICA (KROMBH.) J. SCHRÖT. ATOPADA NO  
TEIXADAL DE CASAIO (OURENSE)**

por

S. CORRAL<sup>1</sup> & H. RODRÍGUEZ<sup>2</sup>

CORRAL, S. & RODRÍGUEZ, H. 2018. *Verpa bohemica* (Krombh.) J. Schröt. atopada no Teixadal de Casaio (Ourense). 2018. *Mykes* 21: 17-25.

**Resumo**

Descríbese como novidade para o catálogo micolóxico galego *Verpa bohemica* (Krombh.) J. Schröt. Axúntase fotografías macro e microscópicas da especie.

**Palabras clave:** *Ascomycota*, *Morchellaceae*, *Verpa*, Ourense, Galicia, España.

CORRAL, S. & RODRÍGUEZ, H. 2018. *Verpa bohemica* (Krombh.) J. Schröt. found in Teixadal de Casaio (Ourense). 2018. *Mykes* 21: 17-25.

**Summary**

*Verpa bohemica* (Krombh.) J. Schröt. is described as a novelty for the Galician mycological catalog. Macroscopic and microscopic photographs of the species are added.

**Keywords:** *Ascomycota*, *Morchellaceae*, *Verpa*, Ourense, Galicia, Spain.

**INTRODUCCIÓN**

Próximo a aldea de Casaio, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense), nunha zona moi illada e de difícil acceso, atópase a maior formación natural de teixos (*Taxus baccata* L.) de Galicia. Sitúase no extremo suroriental da provincia de

---

<sup>1</sup>Castealo, 17, E-36930, Bueu; e-mai: [santjons@gmail.com](mailto:santjons@gmail.com)

<sup>2</sup>Vilela, 32, E-36958, Moaña; e-mail: [helenard@gmail.com](mailto:helenard@gmail.com)

Membros da *Agrupación Micolóxica Naturalista Liboreiro*.